

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Baltar para a execución de obras hidráulicas de mellora no Concello de Baltar

1 Antecedentes

O Concello de Baltar ten atribuídas competencias en materia de saneamento e abastecemento de auga potable, en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2, configura o saneamento e depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da Comunidade Autónoma.

A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias se atopan, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a adopción de medidas que garantan o abastecemento aos municipios (artigo 31.1), a supervisión das redes básicas de abastecemento en alta (artigo 31), a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración,



correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)), entre outras. En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1 f)).

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Baltar que permitan ao concello acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na "Mellora das instalacións de abastecemento de Baltar" e na "Mellora da rede de saneamento de Baltar.

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

No ámbito do abastecemento, o Concello de Baltar precisa executar as actuacións denominadas "Mellora das instalacións de abastecemento de Baltar". Mediante as obras proxectadas, o Concello de Baltar pretende dotar a núcleos do municipio do equipamento mínimo de infraestruturas, logrando o aumento da calidade de vida dos seus habitantes e a mellora das condicións ambientais dos devanditos núcleos. As actuacións consisten na mellora das instalacións existentes de abastecemento de augas dos núcleos de Tixós, Garabelos, Bouzo, Gomariz, San Antonino, Montecelo, San Martiño, A Boullosa, San Martiño, Sabucedo, Meaus, San Paio, Quintas e Tosende, primeiro para mellorar a calidade e a eficiencia da auga de consumo distribuída e segundo para a tramitación da legalización de captacións. Estas actuacións teñen un importe previsto de 49.423,27 € (IVE engadido).



No ámbito do saneamento, o Concello de Baltar precisa executar as actuacións denominadas "Mellora da rede de saneamento de Baltar". O Concello de Baltar posúe un elevado número de depuradoras ás que son conducidas as augas residuais domésticas dos diferentes núcleos de poboación. Moitas delas presentan deficiencias que fan necesario modernizalas dotándoas dunha serie de actuacións para que funcionen de forma correcta e poder dalas de alta no organismo de conca. Estas actuacións teñen un importe previsto de 38.497,79 € (IVE engadido).

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do abastecemento terá por finalidade a garantía de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos, nos termos establecidos na planificación.

Así mesmo, a actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento e depuración de augas residuais terá por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de abastecemento, saneamento e depuración a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de



auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, citada, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia, citada, determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia.

4 Estimación de custos e financiamento

O custo total das actuacións contempladas neste convenio ascenden a oitenta e sete mil novecentos vinte e un euros con seis céntimos (87.921,06 €). Augas de Galicia financiará o 80% do importe total final das actuacións ata un máximo de setenta mil trescentos trinta e seis euros con oitenta e cinco céntimos (70.336,85 €) con cargo á conta 6566 "Subvencións de capital a corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, na anualidade 2022.



Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

(documento asinado dixitalmente)

